



# Cando a loita contra a discriminación pasa por cambiar a imaxe nos medios

Agareso e a Rede Galega contra a Pobreza presentan unha guía para tratar colectivos en risco de exclusión

## REPORTAXE

LAURA L. RUIZ  
GALICIA

[laura.ruiz@xornaldegalicia.com](mailto:laura.ruiz@xornaldegalicia.com)



Aínda que dunha forma inconsciente ás veces, a forma na que se fala sobre algún colectivo é determinante para facilitar ou non a súa integración na sociedade. E máis determinante é aínda, cando o que utiliza as palabras é un medio de comunicación e é el quen transmite unha imaxe positiva ou negativa das persoas en risco de exclusión. Con esta premisa, membros da Rede Galega contra a Pobreza (EAPN Galicia) e a Asociación Galega de Reporteiros Solidarios (Agareso) reuníronse para facilitarlle aos profesionais da comunicación unhas pautas para usar no día a día da elaboración das noticias e evitar erros comúns que non axudan a ninguén. A guía de Estilo para Xornalistas *Como informar de colectivos en risco de exclusión?* é unha iniciativa pioneira en España, afirma Santiago González Avión, presidente da Fundación Secretariado Xitano en Galicia, cuxa organización participou no texto. "Preguntáronse –explica Santiago– que colectivos teñen máis problemas de imaxe en Galicia e decidiuse que eran as persoas migrantes, con discapacidade e a comunidade xitana. Pero a idea é estender o tratamento respectuoso a outros colectivos tamén".

A guía pretende ser unha ferramenta de uso diario nos medios, por iso sintetiza o expresado e consensuado nun seminario levado a cabo na facultade de Ciencias da Comunicación da USC o pasado mes de novembro. Para que o uso sexa o máis cómodo posible, o documento inclúe cadros de texto sobre termos inadecuados e a súa alternativa para facilitar a integración de todas as persoas. Por iso, tamén inclúe recomendacións sobre o que non é necesario e ademais é contraproducente para lograr unha normalidade social. É o caso das noticias sobre inmigrantes, que todas adoitan estar relacionadas co fenómeno das pateras, as diferenzas culturais presentadas como "irreconciliables" e os supostos efectos negativos que a súa presenza no país pode provocar nos servizos de sanidade ou educación. "Os estereotipos que fomentan algúns grupos sobre se os inmigrantes quitan o emprego aos galegos, só xurdiron cando apareceu a crise; antes non supuñan ningún problema. Isto o único que xera é xenofobia", denuncia o presidente da Fundación Secretariado Xitano en Galicia.



Varias personas reciben clases nun centro social de A Coruña

AMADOR LORENZO

O documento céntrase nos sectores máis afectados en Galicia: a comunidade xitana, a migración e a discapacidade

Precisamente sobre estes estereotipos negativos trata a guía, que destaca que os medios non son os que orixinan estas imaxes distorsionadas, pero si son un instrumento moi efectivo á hora de divulgarlas. Por iso, recomandan non incluír a nacionalidade dunha persoa involucrada nun suceso se non é estritamente necesario, tendo en conta a voz das asociacións de inmigrantes presentes no país ou coitando o uso de imaxes nas noticias. "É que os medios non falan das persoas inmigrantes como dun igual: ou son paternalistas con eles ou os discriminan directamente", reflexiona Santiago González.

### SOCIEDADE INACCESIBLE Á DIVERSIDADE

O mesmo ocorre, segundo Agareso, cos membros da comunidade xitana, que son identificados directamente coa marxinação, ou cos discapacitados, onde a postura é de limitación e de inferioridade. Por iso, recomandan non quedar no que unha persoa non pode facer, senón explicar que apoios ou tecnoloxías necesitan e denunciar as barreiras mentais e físicas que existen. De forma resumida, a guía concreta: "Non hai xente discapacitada, senón sociedades inaccesibles á diversidade".

Do mesmo xeito, vincular a comunidade xitana co tráfico de drogas ou os poboados é un erro moi estendido. E

## CLAVES DA GUÍA DE ESTILO PARA XORNALISTAS

### PREXUÍZOS

Evitar dar a nacionalidade do protagonista da noticia se non é necesario. Só serve para dar unha imaxe negativa da emigración.

### CAMBIAR DE ESCENARIO

Vincular unha minoría co mundo das drogas ou o *chabolismo* non axuda á integración. A comunidade xitana está presente en todos os ámbitos da sociedade galega.

### TERMINOLOXÍA PROPIA

As persoas que teñen unha discapacidade física ou mental que lles impida realizar unha determinada tarefa, poden facer moitas outras. Por iso, non son nin 'diminuídos', nin 'paralíticos', nin 'impedidos'.

### LÉXICO CORRECTO

Non existen os 'ilegais' ou os 'sen papeis' e as persoas en situación irregular ou sen permiso de residencia.

a telerealidade neste aspecto é un mal xeneralizado. Unha vez se presentou na fundación unha persoa que aspiraba a un posto de traballo asegurando que estaba moi interesada pola realidade xitana e que por iso non se perdía un só programa de *Callejeros*, relata con ironía o presidente da institución en Galicia, que prosegue: "Entendemos que para un redactor é dicifil saír dos estereotipos que moitas veces están impostos polo medio como empresa".

E aquí é onde xorde tamén unha reivindicación tanto desde as ONG ou institucións sociais como da Asociación Galega de Reporteiros Solidarios: a for-

mación do xornalista e o contacto coas fontes necesarias para lograr unha especialización en temas sociais. "Entendemos que haxa dúbidas á hora de cubrir unha noticia sobre minorías étnicas, pero para iso existe a especialización. Seguro que un redactor de Economía ou Deportes tamén se lle expón dúbidas, pero fai o posible por non equivocarse ou meter a pata co léxico", comenta Santiago González, que sinala que o mesmo debería ocorrer con calquera outra información relacionada coa pobreza, "porque ninguén quere ser considerado como desigual ou inferior a ninguén". ■